

A Secretaría de Inmigración de Esquerda Unida manifesta a súa indignación perante a hipocrisía das administracións e poderes públicos galegos ante o grave feito de que 7400 persoas sexan dadas de baixa nos distintos padróns municipais de Galicia (preto de 700 en Lugo, sobre 1600 na Coruña, 2700 en Vigo, 700 en Santiago, 370 en Ferrol, ...).

O 22 de decembro comezaba a poñerse en marcha unha das formas máis claras de discriminación institucional. A norma (introducida na LO 14/2003), pactada entre o Goberno Aznar e o PSOE, obriga ás persoas estranxeiras non comunitarias sen autorización de residencia permanente a re-empadronarse cada dous anos. Amais de ser discriminatoria, a caducidade da inscrición no padrón sen audiencia previa da persoa interesada ten todas as trazas de ser inconstitucional.

Déuse unha campaña informativa mal planificada porque as administracións comezaron moi tarde e ignoraron a mobilidade intramunicipal, a intermunicipal das persoas migrantes. Pero, ignoran, principalmente, que despois do chamado proceso de “normalización”, o propio señor Caldera anunciara que quen quedara sen “normalizar” sabía cal era o seu destino: o retorno a unha terra da que saíron polos motivos que sexan. Iso xerou aínda máis desconfianza cara ás Administracións e aínda máis medo por temor a unha expulsión. Ese medo, esa desconfianza, a inestabilidade espacial, a mobilidade xeográfica explican que dunhas 20 000 persoas, 7 400 queden fóra do padrón. Isto en plena campaña (sic) institucional, pero tras o 22 a roda segue e seguirá, e agora sen campaña informativa.

Unicamente, que nós saibamos, o Foro de Inmigración de Compostela, que presentou un escrito en todos os concellos, e Esquerda Unida en Ferrol, que defendeu dito escrito como moción, gañada por unanimidade, procuraron reducir a drasticidade dunha absurda e discriminatoria norma e defender os dereitos das persoas inmigrantes, apelando a unha flexibilidade na aplicación da norma e un chamamento para que se eliminase.

As consecuencias son graves para estas persoas: por unha banda, a perda da antigüidade para solicitar arraigo (social e/ou laboral), a perda de axudas e prestacións institucionais en materia de bolsas de aluguer, bolsas de comedor, consecuencia da perda do estatuto xurídico de veciño ou veciña da localidade con todos os dereitos e deberes que implica (artigo 18.1 da Lei das Bases de Réxime Local).

Tendo en conta a destrución da condición de veciño ou veciña, a dubidosa constitucionalidade da norma e a discriminación que establece entre persoas que viven na mesma localidade (non aplicable aos “autóctonos”), ESIXIMOS a eliminación desta absurda norma.

De facerse, entenderíamos mellor as palabras dadas polo Presidente da Xunta de Galicia, Emilio Pérez Touriño, na felicitación de Nadal dirixida a “todos os

inmigrantes e retornados”: “es por ello que nuestra finalidad es procurar la igualdad de derechos para todos los ciudadanos y garantizar especialmente en el caso de retornados e inmigrantes una cobertura de bienes y servicios idéntica a la que goza el resto de la ciudadanía que reside en la Comunidad Autónoma” (*Latinoamérica Exterior*, nº 16, 15 decembro de 2005, p. 7).

Agardemos que non se quede nunha simple declaración institucional de intencións acompasadas coa época do ano en que se realizan, e que cumpra coas palabras dadas.

De non facerse, e moito nos tememos que será o máis probable, assistiremos, unha vez máis, a unha mentira, a unha simple promesa, pero que doe porque xoga coa dignidade e co futuro das persoas.

29 de decembro de 2005
SECRETARÍA DE INMIGRACIÓN DE ESQUERDA UNIDA-IU